

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 2 DE MAIO DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 18/2018 DE DATA 23 DE ABRIL DE 2018.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 18/2018 do día 23 de abril de 2018.

2.- EXPEDIENTE 2367/2018. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para explotación de cebadeiro de porcino nos Muíños-Vilanova-Lalín.

3.- EXPEDIENTE 2262/2018. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.

Acordouse acceder ao solicitado para consultar licenzas

outorgadas, tanto urbanísticas coma de actividade do inmoible sito rúa 53 n. 33 de Lalín.

4.- EXPEDIENTE 2300/2018. OBRAS ACOMETIDA A RED MUNICIPAL EN BOTOS IGLESIA N.º 4.-LALÍN.

Acordouse Aprobar o informe do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas de data 20 de abril de 2018 en relación coa solicitude de autorización para efectuar as obras de acometida a rede municipal de auga residuais da súa vivenda sita no lugar de Igrexa, núm. 4, parroquia de Botos, Lalín.

5.- EXPEDIENTE 3915/2017. EXPEDIENTE DE SOLICITUDE REDE DE ABASTECIMIENTO MUNICIPAL DE AUGA.

Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 22 de agosto de 2017 referente a la existencia o no de abastecimiento Municipal en el núcleo de Carrio de la Parroquia de Val do Carrio.

6.- EXPEDIENTE 6100/2017. EXPEDIENTE DE SOLICITUDE REDE DE ABASTECIMIENTO MUNICIPAL DE AUGA.

Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 29/12/17 referente á existencia de abastecemento municipal no lugar de Regufe da Parroquia de Erbo-Lalín.

7.- EXPEDIENTE 2389/2018. SOLICITUDES DE ALTA EN AUGA E SANEAMENTO RELACIÓN NÚM. 4 ANO 2018.

Acordouse aprobar varias solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas.

8.- EXPEDIENTE 1583/2018. SELECCIÓN DE PERSOAL E PROVISIÓN DE POSTOS.

Acordouse aprobar a acta de cualificación final e a proposta de contratación do Tribunal Cualificador no proceso selectivo, convocado ao abeiro da LIÑA 3 do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN

CONCELLOS 2018) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, na ocupación de Traballador/a Social, (expediente Xestión: 1583/2018).

9.- EXPEDIENTE 2406/2018. SOLICITUDE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA Nº 06/2018.

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 06/2018 con carácter definitivo.

10.- EXPEDIENTE 2360/2018. IV CONGRESO DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA SOBRE DISCIPLINA URBANÍSTICA: CUESTIÓNS DE ACTUALIDADE A DEBATE.

Acordouse autorizar a asistencia ao congreso, o pago do importe do dito congreso (30 euros por asistente) e as indemnizacións que legalmente procedan, ao xefe do servizo de Urbanismo e ao arquitecto municipal, Martín Cerredá Álvarez, xa que os temas a tratar do dito congreso teñen relación directa cos seus postos de traballo no Concello de Lalín e se xustifica a necesidade desta formación debido ao grande cambio da lexislación urbanística nos últimos tempos.

11.- EXPEDIENTE 2391/2018. SOLICITUDE PERMISO PARA USAR A PLAZA DA IGLESIAS O DÍA 12 DE MAIO, PARA FACER UN MÁSTER DE ZUMBA.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso da Praza da Igrexa o día 12 de maio de 2018, dende as 19:00 horas ás 21:00 horas para a realización dunha Máster de Zumba.

12.- EXPEDIENTE 2394/2018. SOLICITUDE PARA XUNTANZA DE MOTOS VETERANAS DE DEZA, DÍA 3 DE XUÑO DE 2018.

Acordouse conceder autorización para organizar a XVIª Xuntanza de Motos Veteranas de Deza, no que os participantes nesta concentración percorreren o Concello de Lalín.

13.- EXPEDIENTE 2392/2018. SOLICITANDO AUTORIZACIÓN PARA UTILIZAR A SALA DE AUDIOVISUAIS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

Acordouse conceder autorización municipal para utilizar a Sala de Audiovisuais da Biblioteca Municipal os venres días 11 de maio de 2018 e 18 de maio de 2018 de 16:00 horas ás 21:00 horas e os sábados días 12 e 19 de maio de 2018, de 10:00 horas ás 14:00 horas para a celebración dun curso de Primeiros Auxilios dirixido á poboación en xeral.

14.- EXPEDIENTE 2393/2018. SOLICITUDE PERMISO PARA CORTE DE TRAMO DA RÚA RAMÓN ALLER SITO ENTRE OS NÚMEROS 58 ATA A INTERSECCIÓN COA RÚA T, PARA CELEBRACIÓN DO 30 ANIVERSARIO DA TABERNA A LAREIRA.

Acordouse conceder autorización municipal para o corte no tramo da rúa Ramón Aller situado entre o número 58 ata a intersección coa rúa T (280 m2/aproximadamente) para a celebración do 30 Aniversario da Taberna A Lareira, no que actuarán diferentes grupos musicais e tamén para a colocación dunha barra para o servizo de bebida e pinchos o día 1 de xuño de 2018 dende as 17:00 horas ás 3:00 horas da mañá.

15.- EXPEDIENTE 2440/2018. SERVIZO DE PRÉSTAMO DE CAMAS ARTICULADAS.

Acordouse A INCLUSIÓN no Servizo de Préstamo de Camas Articuladas, para a unha persoa beneficiaria.

16.- EXPEDIENTE 3991/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse a Baixa por PASAMENTO no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para unha persoa beneficiaria.

17.- EXPEDIENTE 2441/2018. SERVIZO DE PRÉSTAMO DE CAMAS ARTICULADAS.

Acordouse A INCLUSIÓN no Servizo de Préstamo de Camas Articuladas, para unha persoa beneficiaria.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:30 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.